



VOTOS PARTICULARES

Votos particulares formulados en relación con distintos apartados do Informe que con antelación foran regulamentariamente presentados como propostas de emenda.

1. Votos particulares presentados polos conselleiros D. Jesús Ramón Copa Nova, Dna. Obdulia Manso Cupeiro, D. Juan Domínguez Senande, D. José Benito Núñez López e D. Antonio Pedro Cid González en relación con distintos apartados do Informe:

1.1. En relación co capítulo VI, apartado 1.4., solicítase a inclusión do seguinte parágrafo:

"O Consello Escolar pide que a Consellería de Educación, de acordo co real Decreto 575/1991 do 22 de abril, convoque novos concursos de acceso a cátedra, como vai suceder noutras CC.AA. e no MEC, que garantan nun prazo prudencial a posibilidade de alcanza-lo máximo do 33% do cadro de persoal que poida acceder a esa condición, tal como está regulamentado.

Insta, así mesmo á Consellería de Educación para que se dirixa á Conferencia de Educación estatal e se articulen mecanismos de promoción do profesorado non universitario á docencia universitaria, sen que existan minguas do nivel retributivo (incluíndo sexenios) xa consolidado, todo iso no marco dunha negociación colectiva cos sindicatos representativos".

1.2. En relación co capítulo VI, apartado 1.6.1., engadi-los seguintes parágrafos:

"O Consello Escolar considera que a conxelación retributiva non é o mellor sistema para garantir unha axeitada motivación do profesorado. Aínda sen establecer mecanismos que relacionen exclusivamente calidade de ensino con retribucións, si é certo que a dignificación profesional dos docentes pasa por uns salarios acordes cos do mercado laboral, en relación coa titulación esixida, o que está lonxe de se ter alcanzado.

O Consello Escolar considera que, independentemente da normativa legal que como funcionarios teñen, non hai razóns que xustifiquen a diferencia retributiva existente entre os diferentes corpos docentes. De aí, que solicita que se inicie unha negociación Administración-Sindicatos que resolva este problema.

En canto ó profesorado de relixión nos centros públicos de básica, dependentes dos bispedos, a Administración Educativa debe garantir que as súas condicións laborais e retributivas sexan homologables coas do resto do profesorado que está na súa condición".

1.3. No Capítulo VI, apartado 3.4.3., engadir en letra negriña o seguinte texto:

"O Consello Escolar de Galicia expresa a súa preocupación polo retraso con que se puxeron en marcha os CEFOCOPs e pola escasez do número existente, o máis baixo de toda España, pedindo da Consellería de Educación un esforzo real que complete canto antes a rede, de xeito, que polo menos, haxa un en cada comarca de Galicia.

Así mesmo, faise preciso un acordo negociado Administración-Sindicatos, sobre o funcionamento e o control destes centros".

1.4. En relación co capítulo VI, apartado 2, engadir en letra negriña:

"Neste sentido, faise preciso que a Administración Educativa regule, tras unha negociación cos sindicatos, as condicións de traballo dos profesores itinerantes".

2. Votos particulares presentados polo conselleiro D. Antón Costa Rico, en relación con distintos apartados do Informe:

2.1. Propone a seguinte redacción do apartado 2.3. do capítulo I:

"Con respecto á valoración dos instrumentos da Administración Educativa, o Consello Escolar de Galicia considera:

- 1.^º No último quinquenio avanzouse na ordenación de tales instrumentos se se toman en consideración os criterios de racionalidade, modernización, tecnificación, e capacidade de actuación e obxectivación de procesos.
- 2.^º Existe, sen embargo, unha excesiva dominancia da departamentalización sectorial e por niveis cos seus riscos de solapamento, de insuficiente coordinación e de disfuncionalidade; maiores, se cabe, nun momento no que a aplicación da reforma global do sistema educativo demanda axilidade, fluidez, coordinación e integración administrativa, cuestión que afecta en particular ás Direccións Xerais de E.X.B. e Ensinos Medios.
- 3.^º Existe, se cadra, unha insuficiente descentralización e delegación de funcións, que só desceden ata as Delegacións Provinciais da Consellería de Educación, sen ter explorado aínda a conveniencia dun maior recoñecemento competencial administrativo e a subseguiente disposición de medios e recursos para unha actuación descentralizada de base comarcal/municipal. Sería aconsellable realizar estudos e propostas administrativas para reequilibra-lo binomio centralización/descentralización.
- 4.^º Non parece que a Dirección Xeral de Política Lingüística coas funcións que ten asumidas teña o seu lugar máis axustado na Consellería de Educación, por más que a normalización da lingua galega no ensino sexa asunto de primordial importancia. Do mesmo modo debería analizarse seriamente o encadramento administrativo dentro da Consellería de Educación de campos situados noutras Consellerías, a pesar de que o seu obxectivo central sexa o educativo. Máis significativo resulta isto ó non apreciarse unha suficiente e adecuada coordinación horizontal en tódolos servicios implicados, á marxe da súa orgánica dependencia.
- 5.^º Deberá profundizarse no deslinde das funcións técnico-pedagóxicas das de xestión administrativa, ante o risco da supeditación de tarefas, esforzos e recursos a esta última dimensión tan propia dos aparatos de administración. Neste sentido pagaría a pena intensificar as accións encamiñadas á realización de estudios de diagnóstico e de planificación, á cualificación da documentación estatística, e ó longo dunha dimensión avaliadora institucional da calidade da educación.

Por todo isto o Consello Escolar manifesta a conveniencia de acometer en profundidade o cambio orgánico da Consellería de Educación que responda más eficazmente ás actuacións que se demandan dende o ámbito educativo".

A este voto particular, adhírense os seguintes conselleiros: D. Manuel Dios Díz e D. Pablo Naya Seoane.

2.2. No Capítulo I, apartado 2.6., propone engadi-lo seguinte texto:

"En todo caso a función parlamentaria menos desenvolvida é na historia parlamentaria galega a lexislativa, o que ten que ver co feito de se-la educación unha competencia plena e non exclusiva da

C.A. de Galicia, extremo este que impón restriccións lexislativas, ou mesmo incapacidade xurídico-política para elaborar leis orgánicas, que son de aplicación xeral en todo o ámbito territorial do Estado Español.

Unha revisión do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia (BOPG) con respecto á I^a e á II^a legislatura pon de manifesto unha moi distinta actuación por parte dos diversos grupos parlamentarios.

En número total de iniciativas sobre cuestións educativas é o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o que alcanza a maior relevancia, seguido da agrupación parlamentaria do PSG-EG, que por momentos alcanza ese primeiro lugar.

Á hora de facer balance da III^a Lexislatura pódese anota-la continuación do maior protagonismo do grupo dos Socialistas de Galicia-PSOE, con proximidade do grupo do BNG. Pola contra, e por esta orde, o PSG-EG, o PP, e CG teñen manifestado unha pequena actividade na presentación de iniciativas parlamentarias relacionadas coa educación.

Desde o punto de vista estatístico nesta última III^a Lexislatura rexistramos un total de 220 iniciativas parlamentarias ó longo dos catro anos. No tempo máis limitado de 1992 houbo 51 delas, en contraste coas 86 do Parlamento Catalán, un Parlamento en todo caso más numeroso có galego.

As iniciativas son sobre todo de control, e en menor medida de impulso, debendo anotar só tres iniciativas lexislativas, unha do PP convertida en Lei de Educación dos Adultos de Galicia e dúas presentadas polo BNG, unha sobre a gratuidade xeneralizada dos libros de texto e outra favorable a un proceso de equiparación salarial do profesorado galego co resto dos funcionarios da Administración Pública Autonómica en Galicia. Ámbalas dúas non prosperaron pola oposición do Grupo Parlamentario do PP, maioritario.

Xunto ó debate das iniciativas na Comisión Parlamentaria 4^a ("Educación e Cultura") houbo tamén diversos debates en Pleno e media ducia de comparecencias do Conselleiro de Educación na Comisión 4^a arredor de cuestións como o financiamento universitario, as oposicións de profesores, a participación no ensino e a escolarización dos nenos de 3 anos de idade.

Hai que anotar por fin, que en xullo de 1991 tivo entrada no Parlamento unha iniciativa lexislativa popular relativa á demanda de equiparación salarial do profesorado galego, impulsada polos sindicatos. Non pudo prosperar ante a oposición do grupo do PP".

A este voto particular adhírense os seguintes conselleiros: D. Antonio Pedro Cid González, D. Xesús Ramón Copa Novo, Dna. Obdulia Manso Cupeiro, D. Manuel Dios Diz e D. Pablo Naya Seoane.

2.3. Propónese que se engada ó texto do Capítulo III, apartado 1, os seguintes parágrafos:

"Este documento, aínda que cumple unha das condicións que se requiren nun Mapa Escolar, incumpe outras: carece de proxeccións no tempo, e non ofrece instrumentos para a análise en perspectiva, que permitan efectuar previsións e xustifica-las decisións en materia de creación (ou anulación) e distribución de prazas escolares para os diferentes niveis educativos.

Dito documento, por outra parte, nunca foi presentado á Mesa Sectorial do Ensino, co cal tam-pouco pudo satisfacer a condición de servir de base para a negociación pública entre a Consellería de Educación e as forzas sindicais respecto á futura distribución de cadros de persoal. Este aspecto ten unha relevancia non pequena, se se ten presente que un dos factores de inquietud e de descontento entre o profesorado, en relación coa implantación da LOXSE, é xustamente a inseguridade respecto ó seu posto de traballo".

A este voto particular adhírense os seguintes conselleiros: D. Antonio Pedro Cid González, D. Xesús Ramón Copa Novo, Dna. Obdulia Manso Cupeiro, D. Manuel Dios Diz, D. Pablo Naya Seoane e D. Ulises Benito Pereira.

2.4. Engadir ó Capítulo VI, apartado 2, o seguinte texto:

"Polo que se refire á Mesa Sectorial do Ensino non Universitario Galego, e despois dos resultados electorais de 1990, a presencia dos distintos sindicatos é a seguinte:

C.I.G.	4
CC.OO.	3
A.N.P.E.	2
U.G.T.	1
S.T.E.S.	1
C.S.I.F.	1

De seguir faise un balance dos temas de maior trascendencia tratados nesa Mesa de negociación desde a súa constitución ata o comenzo do curso 1993-94, de acordo coa información obtida de distintos medios sindicais, dos medios de comunicación e da propia Consellería de Educación.

A este voto particular adhírense os conselleiros: D. Manuel Dios Diz e D. Pablo Naya Seoane.

(1) RETRIBUCIÓNS:

A polémica sobre as retribucións dos funcionarios docentes viña arrastrándose desde anos atrás e estivo ligada a unha reivindicación básica, a *equiparación salarial* co resto dos funcionários, matizada con distintas posturas sindicais sobre a *carreira docente ou corpo único de ensinantes*.

O debate iniciárase xa en anos anteriores e dera lugar a importantes mobilizacións entre os ensinantes a finais do curso 1987/88, o que deu lugar a un acordo entre a Consellería de Educación e algúns sindicatos en febreiro de 1989.

No ano 1991, e xa dentro do mandato da actual Mesa Sectorial, retomouse a discusión entre a Consellería de Educación e os Sindicatos, presentando estes últimos unha táboa reivindicativa unitaria na que aparecía, á beira da cuestión retributiva, a reclamación de medidas para a mellora do ensino público e de planos de formación do profesorado en exercicio.

As negociacións e conseguintes mobilizacións sobre as retribucións sucedéronse ó longo do último trimestre do curso 1990/91 e do primeiro de 1991/92, polarizado entre o concepto de *linealidade/sexenios*, especialmente despois de que se asinara o acordo entre o MEC e varios sindicatos de ámbito estatal en xuño de 1991 no que se introducían estes últimos como fórmula para mellora-las retribucións dos docentes.

As disensións tanto sobre a *masa salarial* coma sobre o *criterio de reparto* dominaron as negociacións realizadas nos últimos meses de 1991, e remataron co acordo asinado o 30 de decembro entre a Consellería de Educación e o sindicato A.N.P.E. que consagra o sistema de sexenios e que estará en vigor ata 1995.

A CIG, que defendeu en todo o proceso o criterio do incremento lineal para todos os docentes, criticou duramente o acordo e chegou a interpoñer un recurso contra o apartado 3º do mesmo por entender que baleira de contido a Mesa Sectorial de Negociación. CC.OO., pola súa banda, retirouse da última fase do debate ó comprobar que non se recollían demandas referidas á formación do profesorado e á mellora da calidade do ensino.

(2) ACCESO Á FUNCIÓN DOCENTE:

O sistema de acceso á función docente trátase noutro apartado deste Informe. No que se refire a Galicia, a problemática fundamental suscitouse a raiz da anulación por parte do Tribunal Superior de Galicia das oposiciones de 1991, o que supuxo a conxelación de oposiciones nos dous últimos anos, un enfrentamento entre o colectivo de interinos e os licenciados que aspiran a acceder ó mundo da docencia, así como unha notable complicación na situación administrativa en que quedaron os profesores afectados dunha ou doutra maneira por esta decisión xudicial.

Esta situación foi seguida con gran tensión social e notable inseguridade sobre o futuro como o demostra o protagonismo que tivo este tema nos medios de comunicación ó longo dos máis de dous anos transcorridos desde entón, e supuxo que, mentres no territorio MEC se vai iniciar no curso 1993/94 un novo sistema de acceso ós corpos de funcionarios docentes, en Galicia quedan ainda pendientes dúas das tres convocatorias previstas con carácter transitorio na LOXSE, ademais da resolución definitiva do recurso que se presentou diante do Tribunal Supremo sobre a única das realizadas.

Outras cuestións que se viron afectadas indirectamente pola situación en que quedaron as oposiciones de 1991 foron os concursos de trasladados habidos con posterioridade e o procedemento de selección do profesorado interino.

Precisamente, en relación con esta última cuestión, en xullo de 1992 a Consellería asinou un acordo cos sindicatos CC.OO., FETE-UGT, ANPE e CSIF no que se establecen os criterios polos que se rexerá, a partir do curso 1992/93, o acceso á función docente en calidade de profesor interino ou contratado. Este novo baremo dá prioridade ós profesores que superaron o procedemento selectivo de ingreso de acceso á docencia da convocatoria de 1991 fronte ó profesorado interino con compromiso de estabilidade, e foi rexeitado polo sindicato CIG, que defendeu en todo este debate o dereito prioritario á estabilidade e a separación do proceso de acceso da función pública docente dos colectivos de profesores que prestaron servicios á Administración e dos que non os prestaron.

En xeral, os sindicatos consideran que as consecuencias derivadas das oposiciones de 1991 foron insuficientemente tratadas na Mesa Sectorial, que foi utilizada fundamentalmente como marco informativo e non negociador.

(3) XORNADA LECTIVA EN SESIÓN CONTINUADA:

A decisión dun cambio no que viña sendo a xornada lectiva habitual, distribuída en sesións de mañá e de tarde, cara a unha xornada continuada en sesión única ten unha gran trascendencia social, polo que esixía un estudio técnico profundo e un acordo entre todos os sectores implicados.

A Resolución de 8 de xullo de 1988 da Dirección Xeral de Educación Básica establecía a posibilidade de autorizar, con carácter experimental a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá en Centros de Preescolar e E.X.B., de acordo con determinadas condicións. Posteriormente, no curso 1988/89, encargoússelle ó ICE da Universidade de Santiago unha avaliación sobre a *Xornada Escolar en Sesión Única en Galicia*, pechándose temporalmente o acceso de novos centros a este tipo de xornada, aínda que, segundo o denunciaron algúns sindicatos durante o curso 1991/92 permitíuselles a algúns colexios a incorporación a esta modalidade sen o preceptivo informe favorable do ICE.

O Informe elaborado polo Instituto de Ciencias da Educación foille entregado á Consellería en marzo de 1992, e esta presentoulles ás organizacións sindicais, xa no curso 1992/93 e despois de insistentes reclamacións por parte desta e de distintos colectivos sociais, un proxecto de Orde para regula-la implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá.

Aínda que algúns sindicatos rexeitaren a filosofía con que a Consellería abordaba o tema, abriuse un debate na Mesa Sectorial que durou varios meses e no que as organizacións sindicais centraron as súas reclamacións, fundamentalmente, en cuestións como: o manteñemento dos servicios de transporte e comedor, a garantía das actividades complementarias para tódolos alumnos, o non incremento na responsabilidade civil e o propio procedemento a seguir na toma de decisións para o cambio de xornada.

A negociación non rematou en acordo entre a Administración e as organizacións sindicais, a pesar de que estas valoraron, en xeral, positivamente os cambios introducidos ó longo da mesma. A Consellería acabou regulando o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá mediante Orde do 13 de abril de 1993, que contou co apoio do Consello Escolar de Galicia.

(4) CALENDARIO DE DESENVOLVEMENTO DA LOXSE

A LOXSE establecía na súa disposición adicional primeira que o Goberno, previo o informe das Comunidades Autónomas, aprobaría un calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo que tería un ámbito temporal de dez anos a partir da publicación da Lei. Este calendario foi fixado no Real Decreto 986/1991, áinda que foi modificado con posterioridade, como xa se espuxo no Capítulo III do presente Informe.

As transformacións curriculares e organizativas, que supón a Reforma do sistema educativo trátanse noutro apartado deste Informe. Aquí referirémonos simplemente ás negociacións efectuadas en Galicia entre a Administración e os sindicatos para a implantación da mesma.

No curso 1991/92 tratouse na Mesa a implantación do 2º ciclo de Educación Infantil e do 1º de Educación Primaria, así como o axuste dos centros ás ratios fixadas na LOXSE.

En decembro de 1992 e despois de sucesivas demandas por parte das organizacións sindicais, a Consellería de Educación presentou unha proposta de calendario para o que quedaba do curso 1992/93 e mais para o 1993/94 no que se incluía a cuestión da xornada continuada, áinda sen resolver daquela e distintos asuntos relacionados co desenvolvemento da LOXSE: criterios de adscrición dos profesores de Primaria e Secundaria ós distintos centros previstos na LOXSE, catálogo de postos de traballo e rede de centros en Primaria e Secundaria.

Esta proposta da Consellería provocou as discrepancias entre as organizacións sindicais: a CIG criticou que a Consellería non contestase a diversas solicitudes de negociación presentadas nos meses anteriores, denunciou que o tema da Xornada continuada debía estar xa resolto no mes de novembro, segundo promeses do propio Conselleiro, e, fundamentalmente, negouse a que non se inclúisen nese calendario outros temas que, áinda non tendo que ver directamente co desenvolvemento da LOXSE estaban pendentes de solución. Pola súa banda o resto dos sindicatos (ANPE, CC.OO., CSIF, STEG e UGT) acordaron unha contraproposta á que presentara a Consellería, centrada basicamente nos mesmos temas e abreviando os prazos de negociación.

En xeral, as organizacións sindicais teñen denunciado o estancamiento das negociacións e o retraso na toma de decisións sobre aspectos relacionados co desenvolvemento da LOXSE, valoración coa que non coincide a Consellería de Educación.

Valoración sindical do funcionamento da Mesa Sectorial

As organizacions sindicais, áinda que con distinta intensidade e matices, entenden que a Mesa Sectorial careceu de dinamismo e que foi concedida pola Administración educativa como unha instancia máis formal e de audiencia ca coma un auténtico foro de negociación. Sinalan como mostra do caso interese da Administración por consolidar esta plataforma negociadora, a falta de periodicidade nas reunións, a ausencia dun calendario de traballo a principios de cada curso ou o non cumprimento de aspectos legais como a aprobación de actas. Todo isto fixo, a xuízo dos sindicatos que a Mesa Sectorial non fose un marco moi operativo no proceso negociador e que os acordos conseguidos fosen sempre puntuais.